



Revista Galega de Economía

ISSN: 1132-2799

mcarmen.guisan@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

CASTILLO MONTESDEOCA, Eddy Antonio; MARTÍNEZ ROGET, Fidel; VÁZQUEZ
ROZAS, Emilia

O TURISMO EN ECUADOR. NOVAS TENDENCIAS NO TURISMO SOSTIBLE E
CONTRIBUCIÓN AO CRECEMENTO ECONÓMICO

Revista Galega de Economía, vol. 24, núm. 2, 2015, pp. 69-84

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39142718006>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica

Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal

Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

O TURISMO EN ECUADOR. NOVAS TENDENCIAS NO TURISMO SOSTIBLE E CONTRIBUCIÓN AO CRECEMENTO ECONÓMICO

Eddy Antonio CASTILLO MONTESDEOCA, eddyantonio.castillo@rai.usc.es

Fidel MARTÍNEZ ROGET, fidel.martinez@usc.es

Emilia VÁZQUEZ ROZAS, emilia.vazquez@usc.es

Facultade de CC Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Nas últimas décadas o turismo destacou como unha actividade con potencial para diversificar a estrutura económica dos países fronte actividades económicas tradicionais. Ecuador, un país cunha estrutura produtiva moi dependente do sector primario, coa necesidade de diversificar a súa matriz produtiva e xerar novos ingresos que melloren a súa economía, impulsou unha serie de iniciativas no sector turístico. O turismo de masas evidencia importantes problemas como a masificación, a degradación das costas ou a perda de calidade na experiencia turística. Ecuador pode aproveitar as experiencias doutros países, apostando por un modelo turístico máis sostible. Dentro desta liña, nos últimos anos o goberno ecuatoriano puxo en marcha o Plan Estratéxico de Turismo 2020 (PLANDETUR 2020) e a proposta do "Turismo Consciente", iniciativas orientadas cara a promoción do turismo sostible. Este traballo trata de dar a coñecer o *turismo consciente*, un termo recente e en construción, para referirse a unha modalidade de turismo que se apoia nos principios de sustentabilidade e de ética. Analízase a contribución do turismo á economía do país a través dun modelo econométrico para o período 1995-2013, cuxos resultados evidencian un equilibrio a curto e longo prazo.

Tourism in Ecuador. New trends in sustainable tourism and contribution to economic growth.

ABSTRACT: In recent decades tourism has shown as an activity with the potential to diversify the economic structure of countries compared traditional economic activities. Ecuador, a country with a productive structure very dependent on the primary sector, with the need to diversify its productive matrix and generate new revenues that will improve its economy, have spurred a series of initiatives in the tourism sector. Mass tourism, evidence of major problems such as overcrowding, coastal degradation or loss of quality in tourism experience. Ecuador, it can take advantage of the experiences of other countries, betting on a more sustainable tourism model. Within this line, in recent years, the Ecuadorian Government launched the Tourism Strategic Plan 2020 (PLANDETUR 2020) and the proposal of the "conscientious tourism", initiatives aimed at the promotion of sustainable tourism. This work attempts to shed light on the conscious tourism, a recent term and under construction, to refer to a type of tourism that is based on the principles of sustainability and ethics. Discusses the contribution of tourism to the economy of the country through an econometric model for the period 1995-2013, whose results show a balance in the short and long term.

Palabras chave: turismo sostible, crecemento económico, modelos econométricos, Ecuador.

Key words: sustainable tourism, economic growth, econometric models, Ecuador.

Clasificación JEL: C5, L83, O4.

1. INTRODUCCIÓN

O turismo identificouse como unha das actividades con potencial para contribuír ao desenvolvemento económico. Os gobernos teñen a capacidade para influír e tomar medidas nas áreas que afectan esta actividade, a través de regulacións, incentivos, promoción ou mitigando os efectos externos negativos. Por mor disto, os gobernos están a utilizar cada vez máis esta actividade como vehículo para o desenvolvemento rexional

(Martínez et al., 2013). Ecuador non é alleo a estas actuacións e proba diso son os distintos plans e actuacións postas en marcha para diversificar a economía e apostar por modalidades de turismo que contribúan ao crecemento económico de forma sostible (Neto, 2003; Ruíz et al., 2008).

Na contorna dos países de América Latina, atopouse un certo retroceso no proceso de industrialización entre 2000 e 2010, como constata Guisán (2011), que sitúa a Ecuador, xunto con Colombia, a República Dominicana, O Salvador, Xamaica, Panamá e Perú, nun cuarto grupo dentro desta área xeográfica, entre 500 a 1000 dólares per cápita, a prezos de 2000. Considera que se deben desenvolver políticas de industrialización axeitadas ás características de cada país para impulsar o seu crecemento e desenvolvemento.

Ecuador, nos últimos anos, mantén unha tendencia económica crecente, importante na rexión, evidenciada no crecemento do seu produto interior bruto. Malia que como se sinalou anteriormente a posición de Ecuador entre os países de Latinoamérica non se sitúa nas mellores posicións, no período 2000 – 2013 este país mantén de media unha taxa de crecemento do 4,30% fronte á media da rexión (América do Sur) de 3,85%; segundo os datos do Banco Mundial. O crecemento económico de Ecuador débese a unha serie de decisións importantes sobre os xeradores de ingresos económicos, pasando de ser un país adicado ao sector primario a desenvolver o sector industrial e sobre todo o sector servizos.

O sector servizos é o que nos interesa neste estudo, especificamente o Turismo, no cal Ecuador desenvolveu unha serie de plans, programas e iniciativas co fin a sacarlle o máximo proveito á proposta do Turismo Consciente, procurando a súa potenciación. Como parte deste traballo definiremos esta nova proposta de turismo que ten as súas raíces no turismo sostible.

Outro dos obxectivos do traballo será o de tentar aproximar a importancia do turismo na economía do país. Ao revisar a base teórica atopamos unha serie de estudos econométricos adicados a analizar o impacto económico das variables de demanda e oferta turística nas economías de diferentes rexións e países, como os de Balaguer e Cantavella (2002) para España ou Aguayo, Lamelas e Álvarez (2004) para México, tal e como veremos máis adiante.

No relativo a Ecuador, non atopamos documentados estudos do impacto do turismo no seu crecemento económico. Para o noso traballo, analizaremos o impacto económico que o sector Turismo ten sobre a economía ecuatoriana, no período 1995 – 2013, e para iso estudiaremos a súa relación a longo prazo mediante a análise de cointegración entre as variables e proporemos o conseguente modelo de corrección do erro. A nosa hipótese a contrastar é que o sector Turismo ten un impacto no crecemento económico de Ecuador.

Máis concretamente, os obxectivos do estudo serán: determinar a importancia do Turismo en Ecuador, definir o Turismo Consciente e probar a hipótese formulada a través de probas econométricas.

Na primeira parte concentrámonos na importancia do Sector Turismo en Ecuador. Na segunda parte, definiremos a proposta de Turismo Consciente. Finalmente, na terceira parte, estudaremos a relación entre o Turismo e o PIB. Terminaremos cunhas breves conclusións e propostas co obxectivo de ampliar a investigación no futuro.

2. O SECTOR TURÍSTICO NA ECONOMÍA DE ECUADOR.


Ecuador sitúase xeograficamente no Continente Americano, en América do Sur, atravesado pola liña ecuatorial que divide ao globo terráqueo en dous hemisferios. A súa posición xeográfica é estratéxica, debido a que as súas costas no Océano Pacífico, están

bañadas polas augas da Corrente Fría de Humboldt e a Corrente Cálida do Neno, que lle permiten ter un ecosistema natural único e cunha alta biodiversidade florística e faunística.

Ecuador está dividido en catro rexións claramente identificables: a Región Insular ou Galápagos, a Litoral ou Costa, a Andina ou Serra e a Amazónica ou Oriente; que coñeceremos como os “Mundos do Ecuador”. As Galápagos caracterízanse por ser un parque ecolóxico a nivel mundial, cunha fauna e flora única; a rexión Litoral está caracterizada polas súas praias e mangleirais; a Andina polas súas grandes montañas, volcáns e cidades coloniais; e a Amazónica pola súa selva de flora e fauna única na súa especie.

Como sinalamos, trataremos neste apartado de analizar a evolución do sector turístico en Ecuador e a súa importancia na economía nacional. En toda América Latina, conforme Guisán e Aguayo (2005), existiu un crecemento do PIB real moi elevado durante todo o século XX, case o dobre da media mundial, e moi por enriba dos EE.UU. e Europa. Nesta liña de crecemento sitúase Ecuador no período de estudo, tal e como se pode observar na figura 1, na que se representa a senda seguida polo PIB entre o ano 1995 e o ano 2013.

Figura 1.- Produto Interior Bruto Ecuador .Millóns de US\$, 1995 – 2013




Fonte: The World Bank, elaboración propia.

Figura 2.- Gastos Turismo Internacional Ecuador. Millóns de US\$, 1995 – 2013.



Figura 3.- Chegadas Turismo Internacional Ecuador, en Millóns de Visitantes, 1995 – 2013



Fonte: The World Bank, elaboración propia.


O turismo está acadando un importante lugar no desenvolvemento económico de Ecuador, sendo un dos principais sectores que xera riqueza na economía ecuatoriana, cun

aporte relevante do Turismo Internacional, que se evidencia no incremento do gasto turístico tal e como recolle a figura 2.

Asemade, o devandito comportamento obsérvase nas chegadas de turistas internacionais, reflectidos na figura 3, cuxa tendencia é similar á observada no Produto Interior Bruto de Ecuador.

Segundo o Ministerio de Turismo, no ano 2014 chegaron a Ecuador 1.557.006 turistas internacionais. Dos cales o 58% son visitantes de América do Sur, América Central e O Caribe; o 16% corresponde ao mercado europeo. As divisas xeradas por concepto de turismo no 2014 son de 1.487,2 millóns de dólares americanos¹. En 2013 conseguiuase un superávit na balanza turística de 322,1 millóns de dólares americanos.

Figura 4.- Posición do Turismo na Economía de Ecuador



Fonte: Ministerio de Turismo de Ecuador, elaboración propia.

A posición do turismo é relevante na economía do país, tal e como reflicte a figura 4. Se consideramos as exportacións non petroleiras, o turismo sitúase no terceiro posto, despois de exportacións tradicionais como a banana e o camarón; conforme detalla o Ministerio de Turismo de Ecuador (2015).

3. TURISMO CONSCIENTE VS. TURISMO SOSTIBLE.

Ecuador apostou polo Turismo Consciente como unha alternativa de turismo que trata de se diferenciar do turismo de masas, de sol e praia, que comparte a filosofía do turismo alternativo, do turismo accesible, do turismo sostible e do turismo social. Trátase dun concepto que contén a responsabilidade social, a sustentabilidade, o medio ambiente e a ética.

Neste contexto, é importante ter en conta o exposto por Ávila (2005), que sinala que o modelo turístico de masas presenta unha serie de problemas estruturais como a estacionalidade e a concentración espacial, produto da súa adaptación á situación socioeconómica e a unha demanda cambiante.

A devandita posición apóiase no sinalado por Martínez (2004), coa aparición dun novo perfil de turista, máis experimentado e que demanda unha maior calidade na

¹ El Universo, 09 abril 2015. *Economía. Turismo deixou \$ 1.487 millóns en ingresos a Ecuador en 2014.* Disponible: <http://www.eluniverso.com/noticias/2015/04/09/nota/4749676/turismo-dejo-14872-millones-ingresos-ecuador-2014> [2015, jueves, 04/09].

prestación dos servizos. En consoancia con esta realidade, existe unha demanda crecente de produtos distintos dos tradicionais de sol e praia. As distintas alternativas ao turismo tradicional, como: o turismo urbano, o turismo cultural, o turismo relixioso, o turismo gastronómico e o turismo rural teñen unha tendencia de maior demanda e crecemento.

Para entender o contexto da proposta ecuatoriana, é importante detallar o sinalado por Rafael Correa en 2007, Presidente Constitucional de Ecuador: o fomento do turismo alternativo e sostible; Ecuador un potencial turístico inigualable (diversidade, natureza, cultura); integración da maioría dos habitantes para o seu beneficio; procura dunha demanda turística respectuosa co medio ambiente e coas culturas; partidario dun turismo comunitario, ecolóxico, cultural, artístico, educativo, deportivo; participación activa dos concellos.

Ao sinalado polo Presidente de Ecuador, en maio 2011, no marco da XI Conferencia Iberoamericana de Ministros de Turismo, en Asunción – Paraguai, presentouse por primeira vez o Turismo Consciente, proposta que foi subscrita por unanimidade e incluída na Declaración Conxunta asinada por ministros e autoridades de turismo de 23 países de Iberoamérica e o Secretario Xeral da Organización Mundial de Turismo, Sr. Rifai Taleb, na rede da Organización Mundial de Turismo (2011 b).

Asemade, no marco de Economía FITUR 2012, Ecuador e a OMT apostan polo Turismo Consciente. Freddy Elhers, Ministro de Turismo de Ecuador, sinalou que o Turismo Consciente inclúe o turismo responsable socialmente, o sostible, o que apoia medio ambiente e o ético: “a súa filosofía baséase na consciencia humana, no bo vivir, en dar e recibir; o turismo convértenos en mellores persoas”, Europa Press (2012).

Ecuador promove o Turismo Consciente como unha forma de turismo diferenciadora que permite beneficiarse dos Mundos de Ecuador: “Galápagos, Costa, Serra e Amazonía”. Tal e como se recolle na Táboa 1 y 2, trátase dunha oferta turística centrada en distintos produtos, despregada en PLANDETUR2020 Ecuador e que se enfoca en 11 liñas de turismo: Circuitos xerais, Sol e praia, Turismo Comunitario, Turismo Cultural, Parques Temáticos, Ecoturismo e turismo de natureza, Turismo de deportes e aventura, Turismo de saúde, Agroturismo, Turismo de convencións e congresos e Turismo de Cruceiros.

O Turismo Consciente baséase no concepto de “Amar a vida”, que se define como: “É unha experiencia de vida transformadora que xera un crecemento persoal que nos convirte en mellores seres humanos. Este novo concepto apóiase nos principios de sustentabilidade e ética e promove os volcáns da paz, a amizade, o respecto e amor á vida como esencia da práctica turística. Constitúe un pacto de convivencia, responsabilidade, respecto mutuo e comunión entre os axentes turísticos das comunidades emisoras e receptoras, o turista e o patrimonio natural e cultural. O Turismo Consciente é un concepto vivo, dinámico e en constante construción. É unha experiencia de dar e recibir”, tal e como o describe a Organización Mundial de Turismo, (2011 a).

Baixo a proposta ecuatoriana, é necesario sinalar que un dos grandes retos que teñen os expertos e investigadores do sector turismo, é conseguir cuantificar as definicións das formas de turismo que se desenvolveron e propuxeron. Para definir o turismo consciente, débese partir do concepto de turismo sostible que segundo Ivars et al. (2001), require de tres dimensións ou eixes fundamentais: crecemento económico, sustentabilidade ambiental e equidade social. Estas tres dimensións axústanse ao triángulo proposto por Nijkamp, Van Der Bergh e Soeteman (1990) que se recolle na figura 5.

Táboa 1.- Produtos Turísticos PLANDETUR 2020

PRODUCTO	VARIANTES	PRODUCTO	VARIANTES
Circuitos generales	Circuitos generales	Ecoturismo y turismo de naturaleza	Parques nacionales
Sol y playa	Sol y playa		Reservas y bosques privados
Turismo comunitario	Turismo comunitario		Ríos, lagos, lagunas y cascadas
Turismo cultural	Patrimonios naturales y culturales		Observación de flora y fauna
	Mercados y artesanías	Turismo de deportes y aventura	Deportes terrestres
	Gastronomía		Deportes fluviales
	Shamanismo		Deportes aéreos
	Fiestas populares		Deportes acuáticos
	Turismo religioso	Turismo de salud	Termalismo
	Turismo urbano		Medicina ancestral
	Turismo arqueológico		SPA's
Parques temáticos	CAVE, científico, académico, voluntario y educativo.	Agroturismo	Haciendas, fincas y plantaciones
	Haciendas históricas	Turismo de convenciones y congresos	Reuniones, incentivos, conferencias, exposiciones y ferias
	Parques temáticos	Turismo de cruceros	Cruceros
Fuente: PLANDETUR 2020. Elaboración Propia			

Figura 5.- Delimitación conceptual de Turismo Sostenible



Fuente: Elaboración Propia, de Ivars et al. (2001: 9).

Táboa 2.- Resumo Mundos Ecuador, destinos turísticos rexionais, destinos específicos e liñas de produtos

MUNDOS	DESTINOS TURÍSTICOS REGIONALES	DESTINOS ESPECÍFICOS	LÍNEA DE PRODUCTO
GALÁPAGOS	Galápagos	Islas Galápagos	Ecoturismo y turismo de naturaleza Deportes y aventura
COSTA	Costa Norte	Reserva Ecológica Cotacachi Cayapas	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Parque Nacional Machalilla	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Isla de la Plata	Deportes y aventura
		Puerto López	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Montecristi	Turismo cultural
	Costa Sur	Manta	Cruceros
		Paseo de los sabores ... cacao, banano, café	Agroturismo
		Montañita	Deportes y aventura
	Frontera Sur	Paseo de los sabores ... cacao, banano, café	Agroturismo
	Guayaquil - Distrito Metropolitano	Guayaquil	MICE - Reuniones, Incentivos, Conferencias y Exposiciones
ANDES	Sierra Norte	Otavaló	Cruceros
			Turismo cultural
		Reserva Ecológica El Ángel	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Cotacachi	Turismo cultural
	Sierra Centro	Quito	Turismo cultural
			MICE - Reuniones, Incentivos, Conferencias y Exposiciones
		Parque Nacional Cotopaxi	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		La Avenida de los Volcanes	Deportes y aventura
		Bosque Nublado de Mindo	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Laguna de Quilotoa	Deportes y aventura
		Riobamba	Turismo cultural
		Baños	Deportes y aventura
			Turismo de salud
		Reserva de Producción Faunística de Chimborazo	Ecoturismo y turismo de naturaleza
	Austro	La avenida de las Cascadas	Deportes y aventura
		Cuenca	Turismo cultural
			MICE - Reuniones, Incentivos, Conferencias y Exposiciones
		Ingapirca	Turismo cultural
	Frontera Sur	Parque Nacional Cajas	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Parque Nacional Podocarpus	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Vilcabamba	Turismo cultural
AMAZONÍA	Amazonía Norte	Parque Nacional Yasuní	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Reserva de Producción Faunística de Cuyabeno	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Napo Wildlife Center	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Reserva Ecológica Kapawi	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Reserva Ecológica Antisana	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Papallacta	Turismo de salud
		Reserva Ecológica Limoncocha	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Reserva Ecológica Cayambe - Coca	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Puyo	Turismo de salud
		Parque Nacional Llanganates	Ecoturismo y turismo de naturaleza
	Amazonía Centro	La ruta de Orellana	Ecoturismo y turismo de naturaleza
		Ruta del Manatee	Cruceros
		Parque Nacional Sangay	Ecoturismo y turismo de naturaleza

Fuente: PLANDETUR 2020. Elaboración propia.

Pola súa banda, a Organización Mundial de Turismo, (2014), considera que “os principios de sustentabilidade se refiren aos aspectos medioambiental, económico e sociocultural do desenvolvemento turístico, sendo necesario establecer un equilibrio axeitado entre esas tres dimensións para garantir a súa sustentabilidade a longo prazo”. O desenvolvemento sostible do turismo esixe a participación informada de todos os axentes relevantes, así como un liderado político firme para acadar unha colaboración ampla e establecer un consenso. O logro dun turismo sostible é un proceso continuo e require un seguimento constante das súas incidencias, para introducir as medidas preventivas ou

correctivas que poidan ser necesarias.

O turismo sostible debe reportar tamén un alto grao de satisfacción aos turistas e representar para eles unha experiencia significativa, que os faga máis conscientes dos problemas da sustentabilidade e fomente neles prácticas turísticas sostibles". Na medida do exposto, a definición, engloba as 3 dimensións (eficiencia económica, preservación do medio ambiente e equidade social), e ademais, é necesario que exista un ambiente propicio, como sinalan Fernández e Rivero (2008), que garanta a sustentabilidade do desenvolvemento turístico, con múltiples dimensións previas como condición sine qua non para acadar o equilibrio. Denomínano Cuádruple Envolvente da Sustentabilidade; Pulido e Sánchez (2008), que se detalla na figura 6 do Anexo.

Por tanto, segundo Jiménez (2000), a sustentabilidade é unha esixencia ineludible para o uso racional e equitativo dos recursos. O turismo sostible, para Pulido (2005) debe ser participativo, cuxo éxito depende da implicación dos visitantes e os residentes. É necesaria a construción dun referente institucional de participación social a nivel local, que asegure o desenvolvemento das estratexias de desenvolvemento turístico sostible que integre as decisións económicas e as ambientais e sociais, como unha esixencia para o uso racional e equitativo dos recursos. O compoñente ético, segundo Pulido e Sánchez (2008) require unha sociedade que comparta un conxunto de valores cara a sustentabilidade (valores intrínsecos da natureza, a identidade cultural e a organización social dun territorio máis aló do valor material como ben de consumo). E o compoñente de instrumentos de política turística, de carácter normativo e orzamentario, que é relevante na xestión competitiva e sostible de calquera destino turístico; a xestión do coñecemento.

Consideramos que o Turismo Consciente procura cubrir as dimensións do desenvolvemento sostible, e xerar un plus diferenciador, que lle permite ser un concepto vivo, dinámico, innovador, de calidade e para todos, dende a súa concepción filosófica da consciencia humana, o bo vivir e dar para recibir. O Turismo Consciente, propónse como unha forma integradora do turismo, que inclúe as dimensións da sustentabilidade, a participación de todos os axentes e as tendencias do sector.

O Turismo Consciente é un fenómeno global, social, cultural, sostible, ético, accesible e económico; que consiste no desprazamento das personas para coñecer os Mundos de Ecuador (Táboa 1) como primeira opción a través dos seus Produtos Turísticos (Táboa 2); garantindo o mutuo entendimento, a solidariedade e a igualdade entre os participantes (visitantes, industria, contorna, comunidades anfitriñas); con servizos e lugares turísticos para o desfrute e satisfacción de todos os grupos socioeconómicos que visitan Ecuador; considerando as repercusións actuais e futuras, económicas, sociais e medioambientais (ver figura 7 no Anexo).

4. Modelo econométrico do impacto do turismo en Ecuador.

Malia que podemos definir de forma cualitativa o que se entende por Turismo Consciente, non dispoñemos dun indicador cuantitativo que nos permita realizar un estudo econométrico dos efectos que podería ter sobre o crecemento dun país ou rexión, e máis concretamente de Ecuador. En todo caso, un primeiro paso para chegar a ese obxectivo entendemos que deberá pasar por realizar unha análise da relación entre o turismo e o PIB, e tratar de probar que existe unha relación a longo prazo entre estas dúas variables económicas para Ecuador.

A revisión bibliográfica dos estudos realizados sobre o impacto económico do Turismo sobre a economía dun país ou rexión, permite establecer e evidenciar esta relación. Na Táboa 3 presentamos un esquema dos principais estudos econométricos que miden o impacto económico do Turismo na economía.

Táboa 3.- Base de Estudos do impacto do Turismo no crecemento económico.

Variable dependente: PIB Servizos (Aguayo et al (2004), PIB pc en Brida e Monterubbianesi(2010).
 Produto Interior Bruto (PIB) nos outros estudos

Autores: Rexión e /o País	Serie e Estimación	Variables independen tes	Conclusións
GUDIÑO (2013) Michoacán, México	1993 -2010 Raíz Unitaria, Cointegración, Corrección do Erro	Número de visitantes nacionais Nú mero de visitantes estranxeiros	A estimación dun modelo de corrección do erro, pon de manifesto que o turismo ten un impacto positivo na economía de Michoacán
KIBARA, ODHIAMBO E NJUGUNA (2012) Kenia	1983 -2010 Raíz Unitaria, Cointegración, Causalidade, Corrección do Erro	Chegadas Turistas Internacionais Recibos Turistas Internacionais	Os resultados amosan que existe unha causalidade unidireccional dende o desenvolvemento do turismo ao crecemento económico.
TANG (2011) Malasia baseado en datos de 12 mercados turísticos diferentes	Xaneiro 1995 - Febreiro 2009 Cointegración, Causalidade, Corrección do Erro	Chegadas de Turistas Internacionais	O crecemento económico e as chegadas de turistas internacionais son cointegradas para todos os mercados turísticos. Porén, os resultados de causalidade de Granger, amosan que non todos os mercados turísticos internacionais son causa de crecemento.
AKINBOADE E BRAIMOH (2010) Sudáfrica	1980 - 2005 Cointegración, Causalidade Granger, Corrección do Error	Ingresos de Turismo Internacional Exportacións reais Taxa real de troco	O resultado obtido amosou unha causalidade unidireccional dos ingresos por turismo internacional no PIB real cos gastos do turismo, tanto a curto como a longo prazo. O mecanismo de corrección de erros realizados tamén apoiou esta causalidade. Non hai causalidade coas exportacións e coa taxa de troco.
BELLOUMI (2010) Tunisia	1970 - 2007 Raíz Unitaria Philips Perrón, Cointegración Johansen, Corrección do Erro	Recibos de Turismo Internacional Taxa real de troco	Os resultados foron que existe unha relación de cointegración entre o turismo e o crecemento económico. Ademais, a proba de causalidade de Granger indica que o turismo ten un impacto positivo no crecemento do PIB unidireccionalmente.
BRIDA E MONTERUBBIAN ESI (2010) Antioquia, Bolívar, Bogotá, Magdalena e San Andrés, e Providencia, en Colombia	1990 - 2005 Cointegración, VEC Vector de Corrección do Erro	Gastos turismo. Taxa real de troco	Os resultados amosan unha relación positiva e causalidade unidireccional para todas as rexións

SÁNCHEZ, BRIDA E RISSO (2008) México	I Trimestre 1980 - II Trimestre 2007 Cointegración, Causalidade Granger, Vector de Corrección do Erro	Gastos turismo. Taxa real de troco	A análise de cointegración de Johansen amosa a existencia dun vector de cointegración entre o PIB real, o gasto turístico, e o tipo de troco real onde as elasticidades correspondentes son positivas. A hipótese dun crecemento impulsado polo turismo confírmase a través da cointegración e a proba de causalidade.
KIM E CHEN (2006) Taiwán	1971 - 2003 Causalidade de Granger, Cointegración	Chegadas Turismo	Os resultados sinalan unha relación de equilibrio de longo prazo e ademais unha causalidade bidireccional entre os dous factores. En Taiwán, o turismo e o desenvolvemento económico refórzanse mutuamente.
RAMÍREZ (2006) México	1950 - 2004 Raíz Unitaria Dickey Fuller, Philips Perrón; Cointegración	Produto Interior Bruto Estados Unidos. Produto Interior Bruto Actividade Turística	Os resultados suxiren, malia de maneira pouco robusta, que as series de produción de México, dos Estados Unidos e o sector turismo están vencellados a través de condicións de equilibrio a longo prazo e que a evolución de cada un deles non é independente da dos outros.
OH (2005) Corea	Enfoque de 2 etapas Engle e Granger Causalidade. Vect or Auto regresivo VAR	Chegadas Turismo	Os resultados dunha proba de cointegración indican que non existe unha relación de equilibrio a longo prazo entre as dúas series. Os resultados da proba de causalidade de Granger implica unha relación causal unidireccional que a economía impulsa o crecemento turístico.
AGUAYO, LAMELAS E ÁLVAREZ (2004) México	1993 - 2001 Mínimos Cadrados Ordinarios, Test LM.	Incremento dos Turistas	O turismo das rexións mexicanas xoga un papel importante no crecemento económico a través do seu impacto positivo sobre os servizos destinados á venda.
DRITSAKIS (2004) Grecia	I Trimestre 1960 - IV Trimestre 2000. Modelo Multivariable VAR, Granger casualidade, Cointegración	Ingresos de Turismo Internacional . Taxa real de troco	Os resultados da análise de cointegración indican que existe unha cointegración de vectores entre o produto interior bruto real, tipo de cambio efectivo real e os ingresos por turismo internacional.
BALAGUER E CANTAVELLA-JORDA (2002) España	1975 -1997 Cointegración, Vector Auto regresivo VAR	Ingresos de Turismo Internacional . Taxa real de troco	Os resultados indican que alomenos durante as últimas tres décadas, o crecemento económico en España debeuse á expansión do turismo internacional. O aumento desta actividade produciu efectos multiplicadores no tempo.

Fonte: Elaboración propia.

En todos eles a variable dependente é o PIB total dun país ou rexión (ou o PIB do sector servizos), xa sexa en termos absolutos ou por habitante -como o de Brida e Monterrubianesi (2010) para as rexións de Colombia, ou o PIB do sector servizos como o caso de Aguayo, Lamelas e Álvarez (2004). Entre as variables proxi do turismo atopamos o número de visitantes internacionais como nos estudos de Gudiño (2013) para Michoacán – México; Kibara, Odhiambo e Njuguna (2012) para Kenia; Tang (2011) para Malasia; Kin e Chen (2006) para Taiwán; ou o de Aguayo, Lamelas e Álvarez (2004) para México que incorporan a variable en termos de incrementos. Noutros traballos o turismo é medido a través doutras variables, como o gasto en turismo, como é o caso de Sánchez, Brida e Risso (2008) na súa análise para México; ou os ingresos por turismo internacional, como nos estudos de Balaguer e Cantavella-Jorda (2002) para España; Akinboade e Braimoh (2010) para Sudáfrica; Belloumi (2010) para Tunisia; ou Dritsakis (2004) para Grecia.

Nestes estudos obtívose como resultado que existe unha relación a longo prazo entre turismo e crecemento, conclusión á que se chega despois de realizar a conseguinte análise de cointegración entre as variables de interese. Tal é o caso de Sánchez, Brida e Risso (2008); Kin e Chen (2006); Ramírez (2006); Dritsakis (2004); Balaguer e Cantavella-Jorda (2002); Gudiño (2013); Kibara, Odhiambo e Njuguna (2012); Tang (2011); Belloumi (2010); Brida e Monterrubianesi (2010).

No noso caso realizaremos unha análise da relación a longo prazo entre o PIB de Ecuador e o Turismo, medido como o número de visitantes internacionais. Somos conscientes de que poderían considerarse outras variables proxi como indicadores do turismo, pero o estudo dos traballos anteriores, como os de Gudiño (2013), Belloumi (2010) e Ramírez (2006) e a dispoñibilidade de datos levounos a tomar esta variable como indicador.

As variables de análise para o Modelo Econométrico son: o Produto Interior Bruto Total de Ecuador (PIB) en millóns de dólares americanos, US\$, a prezos constantes, Ano Base 2007 = 100² (THE WORLD BANK, 2015 a), como variable dependente.

Chegadas de Turismo Internacional (ATI)³ (THE WORLD BANK, 2015 b) en millóns de visitantes, como variable independente; para o período 1995 - 2013; cuxos datos foron obtidos do Banco Mundial e do Ministerio de Turismo de Ecuador.


Na figura 8 preséntase a evolución do PIB de Ecuador no período de estudo, tanto a prezos correntes como constantes. Como se pode observar no gráfico a serie presenta unha tendencia crecente. Tamén o número de visitantes internacionais incrementouse ao longo do período (véxase a figura 3). Conforme se observa no gráfico parece existir unha relación positiva entre o PIB e o turismo, medido como o número de visitantes internacionais, entre 1995 e 2013 (Figura 9).

Para comprobar se as series son ou non estacionarias, aplícanse os métodos de gráficos, correlogramas e/ou raíz unitaria. En relación aos correlogramas identifícase que a tendencia é suavizada cara o cero, tanto para o Produto Interior Bruto (PIB), como para as Chegadas de Turismo Internacional (ATI); o que nos fai pensar en primeira instancia que son series non estacionarias. Utilizamos o paquete Eviews 8. (Véxase Anexo).

²The World Bank, 2015. a, PIB (UMN a prezos constantes). Dispoñible en: <http://datos.bancomundial.org/indicador/NY.GDP.MKTP.KN> [2015, martes, 04/07]. Ano base 2007=100.


³The World Bank, 2015. b, Turismo internacional, número de chegadas. Dispoñible en: <http://datos.bancomundial.org/indicador/ST.INT.ARVL> [2015, martes, 04/07].

Figura 6.- Produto Interior Bruto - Ecuador, Millóns de US\$; Prezos Correntes vs. Prezos Constantes Ano Base 2007=100.



Fonte: The World Bank, elaboración propia.

Figura 7. Relación Produto Interior Bruto PIB fronte ás Chegadas Turismo Internacional ATI Ecuador 1995 – 2013



Fonte: The World Bank, elaboración propia.

A incorporación ao modelo inicial dunha variable ficticia para expresar o efecto que podería ter a implantación a partir de 2008 da nova proposta de Turismo Consciente en Ecuador ofrece como resultado un efecto positivo do PLANDETUR, que se observa no significativo que son os coeficientes, e onde os residuos son ruído branco. (Táboa 9).

Tabla 8. Ecuación 3. Efecto do turismo e PLANDETUR sobre o PIB de Ecuador.

Dependent Variable: PIB. Method: Least Squares				
Sample: 1995 2013. Included observations: 19				
Variable	Coefficient	Std. Error	t-Statistic	Prob.
C	21376.43	1755.831	12.17454	0.0000
ATI	30313.14	2573.734	11.77788	0.0000
ATI*F	3391.389	1282.498	2.644361	0.0177
R-squared	0.978588	Mean dependent var	47255.52	
Adjusted R-squared	0.975912	S.D. dependent var	10006.14	
S.E. of regression	1552.991	Akaike info criterion	17.67769	
Sum squared resid	38588498	Schwarz criterion	17.82681	
Log likelihood	-164.9381	Hannan-Quinn criter.	17.70293	
F-statistic	365.6268	Durbin-Watson stat	1.248478	
Prob(F-statistic)	0.000000			

5. RESULTADOS ACADADOS COA PROPOSTA ECUATORIANA

Os resultados acadados sobre as metas propostas polo Plan de Desenvolvemento de Turismo Sostible para Ecuador, PLANDETUR 2020, para o ano 2010 foron: o sector Turismo de Ecuador conseguiu que os Gastos de Turismo Internacional superasen as metas propostas cun 126% de cumprimento; con respecto ás Chegadas de Turismo Internacional acadouse o 91% de cumprimento da meta proposta, segundo o Ministerio de Turismo de Ecuador (2007) (Táboa 10).

Táboa 4.- Resultados Turismo Ecuador vs. PLANDETUR2020

Año	Gasto Turismo Internacional (Millones US\$ Precios Corrientes) *	Generación de divisas (Millones US\$ Precios Corrientes) **	% Cumplimiento	Arribos Turismo Internacional (Miles de visitantes) *	Llegadas visitantes internacionales (Miles de visitantes) **	% Cumplimiento
2006	\$ 706,00	\$ 499,40		841,00	840,00	
2007	\$ 733,00			937,00		
2008	\$ 790,00			1.005,00		
2009	\$ 806,00			968,00		
2010	\$ 863,00	\$ 684,00	126%	1.047,00	1.153,80	91%
2011	\$ 917,00			1.141,00		
2012	\$ 944,00			1.272,00		
2013***	\$ 1.251,30			1.364,06		
2014***	\$ 1.487,20			1.557,01		
2016		\$ 1.236,31			1.958,76	
2020		\$ 1.837,78			2.029,72	
Fuente:		Elaboración propia				
		* The World Bank				
		** PLANDETUR 2020. Pag. 167.				
		*** Ministerio del Turismo 2015. Boletín Diciembre 2014/ Enero 2015.				

Táboa 5.- Resultados Turismo Ecuador vs. PIMTE 2014

Año	Gasto Turismo Internacional (Millones US\$ Precios Corrientes) *	Generación de divisas (Millones US\$ Precios Corrientes) **	% Cumplimiento	Arribos Turismo Internacional (Miles de visitantes) *	Llegadas visitantes internacionales (Miles de visitantes) **	% Cumplimiento
2008	\$ 790,00	\$ 760,00		1.005,00	1.005,30	
2009	\$ 806,00			968,00		
2010	\$ 863,00			1.047,00		
2011	\$ 917,00			1.141,00		
2012	\$ 944,00			1.272,00		
2013***	\$ 1.251,30			1.364,06		
2014****	\$ 1.487,20	\$ 1.224,00	122%	1.557,01	1.426,64	109%
Fuente:		Elaboración propia				
		* The World Bank				
		** PIMTE 2014. Pag. 40.				
		*** Ministerio del Turismo 2015. Boletín Diciembre 2014/ Enero 2015.				
		**** El Universo, 09 abril 2015. Economía.				

PLANDETUR 2020 establece metas para o ano 2016 e 2020; como se pode observar na Táboa 10, os datos entregados polo Ministerio de Turismo para 2013 e 2014, en relación aos Gastos de Turismo Internacional e ás Chegadas de Turismo Internacional, seguen unha tendencia crecente que fai supoñer que se acadarán as metas propostas nun

índice aceptable.

No ano 2009, seguindo os programas a executarse polo acordado en PLANDETUR 2020, desenvolveuse o Plan Integral de Márketing Turístico de Ecuador, segundo o Ministerio de Turismo de Ecuador, (2009); cuxo plan establece metas para o ano 2014, en base aos resultados do ano 2008. Das anteditas metas podemos observar na Táboa 11, que os resultados nas Chegadas de Turismo Internacional superaron a meta co 109% de cumprimento; e no relativo aos Gastos de Turismo Internacional acadouse o 122% de cumprimento da meta.

6. CONCLUSIÓNS

O Turismo en Ecuador é un sector cunha proxección a curto e longo prazo, que terá resultados tanxibles na xeración de riqueza, emprego, bo vivir e impacto económico. Como se trata dun destino non maduro, o país pode "aprender" das experiencias levadas a cabo noutros lugares e tratar de poñer en marcha tipoloxías de turismo e instituír produtos turísticos sostibles e respectuosos co medio ambiente e que procuren a participación activa dos diferentes Stakeholders.

O Turismo Consciente é unha forma de turismo, que aposta pola procura dun equilibrio entre o económico, o social, o ambiental e principalmente pola dimensión ética, como factor diferenciador das formas de turismo. En futuras investigacións trataranse de obter as opinións dos turistas internacionais en relación con esta tipoloxía de turismo, así como identificar as características dos que chegan ao país impulsados por motivacións acordes co turismo consciente. Así mesmo, tratarase de obter a súa opinión sobre o plus diferenciador que representa o Turismo Consciente.

Constatamos que o sector turístico vai adquirindo cada vez máis peso na economía de Ecuador, a cal está principalmente orientada ao sector primario. O desenvolvemento do sector turístico é un dos obxectivos nos que se centra a necesidade de diversificación da economía do país, e así o seu goberno propuxo medidas nesa liña, como o PLANDETUR, en 2007.

A importancia do sector turístico para o crecemento económico dun país foi tema de análise en numerosos estudos, porén non atopamos ningunha referencia para o caso de Ecuador. Por tanto, a nosa análise supón unha novidade neste senso.

Neste traballo constátase para Ecuador a existencia dunha relación positiva entre o sector turístico e o PIB, verificándose que esta relación non é espuria, tal e como se proba no segundo apartado. Ademais, se demostra a existencia dunha relación tanto a curto como a longo prazo entre turismo (entrada de viaxeiros internacionais) e o PIB.

Por outra banda, os plans, programas e iniciativas (PLANDETUR, PIMTE e Turismo Consciente) de Ecuador no Sector Turismo teñen resultados positivos, tal e como resulta do modelo econométrico no que introducimos unha variable cualitativa para observar o posible efecto destes plans.

Sería interesante ampliar o estudo coa consideración de diferentes variables proxí do sector turístico, e incluso, se a dispoñibilidade de datos o permite, pois as rexións de Ecuador teñen características que dende o punto de vista do seu atractivo turístico poderían ser obxecto de análise diferenciada.

BIBLIOGRAFÍA

- AGUAYO, E., LAMELAS, N. Y ÁLVAREZ, L. (2004). Impacto Económico Del Turismo En Las Regiones Mexicanas. (Working Paper). Santiago De Compostela. ASEPELT.
- Ávila, B. R. Y Barrado, T. D. (2005). "Nuevas Tendencias En El Desarrollo De Destinos Turísticos: Marcos Conceptuales Y Operativos Para Su Planificación Y Gestión", *Cuadernos De Turismo*,

(15), Pp. 27-44.

BALAGUER, J. Y CANTAVELLA-JORDA, M. (2002). "Tourism As A Long-Run Economic Growth Factor: The Spanish Case", *Applied Economics*, 34(7), Pp. 877-884.

BELLOUMI, M. (2010). "The Relationship Between Tourism Receipts, Real Effective Exchange Rate And Economic Growth In Tunisia", *International Journal Of Tourism Research*, 12(5), Pp. 550-560.

BRIDA, J. G. Y MONTERUBBIANESI, P. D. (2010). "Causality Between Economic Growth And Tourism Expansion: Empirical Evidence From Some Colombian Regions", *Journal Of Tourism Challenges And Trends*, (3.1), Pp. 153-164.

CARRASCAL, A., FERNÁNDEZ, F. M. Y PEREIRA, J. (2013). "Xeración De Residuos Derivados Do Turismo Receptor En Galicia", *Revista Galega De Economía*, 22(1) Pp. 31-49.

DRITSAKIS, N. (2004). "Tourism As A Long-Run Economic Growth Factor: An Empirical Investigation For Greece Using Causality Analysis", *Tourism Economics*, 10(3), Pp. 305-316.

EUROPA PRESS, (2012). Ecuador Y La OMT Apuestan Por El 'Turismo Consciente'. Europa Press. Madrid. Economía FITUR. (15-1-2015). <http://www.Finanzas.Com/Noticias/Economia/2012-01-18/639206_Economia-Fitur-Ecuador-Apuestan-Turismo.Html>

EVIEWS USER GUIDE II, (2013). Johansen Cointegration Test. (En Liña). Eviews. (7 De Abril De 2015). <<http://www.Eviews.Com>>

GRIFFITHS, W. E., HILL, R. C. AND LIM, G. C. (2008). Using Eviews For Principles Of Econometrics. 3ra Ed. New York. John Wiley & Sons, Inc.

GUDIÑO, M. (2013). Turismo Cultural En Michoacán. Un Análisis Del Impacto Económico Y De La Satisfacción Turística. 1ra Ed. Santiago De Compostela. Universidad De Santiago De Compostela.

GUISÁN, M. C. (2011). Producción Sectorial Y Desarrollo Económico En 22 Países De América Latina Y Norteamérica Y Comparación Con La UE. Blog de Economía Internacional de AEEADE: Informe EDDI. (18 De Junio De 2015). < <http://www.Usc.Es/Economet/aea.htm>, also in Guisan and Aguayo(2015).

GUISÁN, M.C., AGUAYO, E. (2005). "Desafíos Del Desarrollo Económico De América Latina: Evolución En 1950-2000 Y Perspectivas", *Revista Galega De Economía*, Vol. 14(1), Pp. 133-152.

GUISAN, M.C., AGUAYO, E. (2015). Manufacturing And Development In Countries And Areas Of America, 2000-2010. Regional and Sectoral Economic Studies, Vol. 15-1, on line at <http://www.usc.es/economet/aea.htm>.

GUJARATI, D. N. Y PORTER, D. C. (2011). *Econometría Básica*. 5ta Ed. Brasil. Mcgraw Hill.

JIMÉNEZ, L. M. (2000). *Desarrollo Sostenible: Transición Hacia La Coevolución Global*. 1ra Ed. España. Ediciones Pirámide.

IVARS, J. A., VERA, J. F., SÁNCHEZ, C. J., MORTE, A. R., TORRES, F. J., NAVALÓN, M. R. Y BOTE, V. (2001). Planificación Y Gestión Del Desarrollo Turístico Sostenible: Propuestas Para La Creación De Un Sistema De Indicadores. (*Documentos De Trabajo*, 1). Alicante. Instituto Universitario De Geografía. Universidad De Alicante.

KIBARA, O. N., ODHIAMBO, N. M. Y NJUGUNA, J. M. (2012). "Tourism And Economic Growth In Kenya: An Empirical Investigation", *International Business & Economics Research Journal (IBER)*, 11(5), Pp. 517-528.

KIM, H. J. Y CHEN, M. H. (2006). "Tourism Expansion And Economic Development: The Case Of Taiwan", *Tourism Management*, 27(5), Pp. 925-933.

MACKINNON, J. G. (2010). Critical Values For Cointegration Tests. (Working Paper , 1227). Kingston. Queen's Economics Department.

MARTÍNEZ, F. (2004). *Turismo Rural En Galicia: Contribuciones Al Desarrollo Sostenible*. 1ra Ed. Santiago De Compostela. Xunta De Galicia, Dirección Xeral De Turismo.

MARTÍNEZ, F., PAWLOSKA, E. Y RODRÍGUEZ, X. A. (2013). "The Economic Impact Of Academic Tourism In Galicia", *Tourism Economics*, 19(5), Pp. 1139 - 1153.

- MINISTERIO DE TURISMO DEL ECUADOR, (2007). *Plan Estratégico Del Turismo Ecuador. PLANDETUR2020. (En Liña). MINTUR. Ecuador. MINTUR. (16 De Enero De 2015)* <<http://www.turismo.gob.ec/wp-content/uploads/downloads/2013/02/PLANDETUR-2020.Pdf> >
- MINISTERIO DE TURISMO DEL ECUADOR, (2009). *Plan Integral De Marketing Turístico De Ecuador PIMTE2014. (En Liña). MINTUR. Ecuador. MINTUR. (16 De Enero De 2015)* <http://www.turismo.gob.ec/wp-content/uploads/downloads/2013/02/PIMTE_2014.Pdf >
- MINISTERIO DE TURISMO DEL ECUADOR, (2015). *Principales Indicadores De Turismo. Enero 2015. (En Liña). MINTUR. Ecuador. MINTUR. (7 De Abril De 2015)* <<http://servicios.turismo.gob.ec/index.php/ingresos-de-extranjeros/enero-2015/155> >
- NETO, F. (2003), "A New Approach To Sustainable Tourism Development: Moving Beyond Environmental Protection". *Natural Resources Forum*, 27, Pp. 212–222.
- NIJKAMP, P., VAN DER BERGH, C. Y SOETEMAN, F. J. (1990). "Regional Sustainable Development And Natural Resource Use", *Proceedings Of The World Bank Annual Conference On Development Economics, 1990. Pp. 153-188.*
- OH, C. O. (2005). "The Contribution Of Tourism Development To Economic Growth In The Korean Economy", *Tourism Management*, 26(1), Pp. 39-44.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE TURISMO, (2011 A). *Regional Programme For The Americas. Turismo Consciente, Una Propuesta Para Amar La Vida. (En Liña) MINTUR. Ecuador. MINTUR. (16 De Febrero De 2015).* <<http://americas.unwto.org/news/2011-06-30/turismo-consciente-una-propuesta-para-amar-la-vida> >
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE TURISMO, (2011 B). *Regional Programme For The Americas. Turismo Consciente, Una Propuesta Para Amar La Vida. (En Liña) MINTUR. Ecuador. MINTUR. (16 De Febrero De 2015).* < <http://americas.unwto.org/es/node/29619> >
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE TURISMO, (2014). *Sustainable Development Of Tourism. (En Liña). UNWTO. (16 De Febrero De 2015).* < <http://sdt.unwto.org/es/content/definicion> >
- PULIDO, J. I. Y SÁNCHEZ, M. (2008). *Medida De La Sostenibilidad Turística: Propuesta De Un Índice Sintético. 1ra Ed. España. Editorial Universitaria Ramón Areces.*
- PULIDO, J. I. (2005). *Criterios Para Una Política Turística Sostenible En Los Parques Naturales De Andalucía. Sevilla, Consejería De Turismo, Comercio Y Deporte, Junta De Andalucía. (2008a): «Gestión Turística Activa Y Desarrollo Económico En Los Parques Naturales Andaluces. Una Propuesta De Revisión Desde El Análisis Del Posicionamiento De Sus Actuales Gestores», Revista De Estudios Regionales, 81, Pp. 171-203.*
- RAMÍREZ, J. J. (2006). "Actividad Económica Del Sector Turístico Mexicano: Situación Actual, Tendencias Y Cointegración", *Aportes*, (032), Pp. 89-106.
- RUÍZ, E.; HERNÁNDEZ, M.; COCA, A.; CANTERO, P. Y DEL CAMPO, A. (2008). "Turismo Comunitario En Ecuador. Compendiendo El Community-Based Tourism Desde La Comunidad, *Pasos*, 6(3). Pp. 399-418.
- SÁNCHEZ, E. J., BRIDA, J. G. Y RISSO, W. A. (2008). "Tourism's Impact On Long-Run Mexican Economic Growth", *Economics Bulletin*, 23(21), Pp. 1-8.
- TANG, C. F. (2011). "Is The Tourism-Led Growth Hypothesis Valid For Malaysia? A View From Disaggregated Tourism Markets", *International Journal Of Tourism Research*, 13(1), Pp. 97-101.
- THE WORLD BANK, (2015 A). *PIB (UMN A Precios Constantes). (En Liña). Grupo Del Banco Mundial. (7 De Abril De 2015).* <<http://datos.bancomundial.org/indicador/NY.GDP.MKTP.KN> >
- THE WORLD BANK, (2015 B). *Turismo Internacional, Número De Arribos. (En Liña). Grupo Del Banco Mundial. (7 De Abril De 2015).* <<http://datos.bancomundial.org/indicador/ST.INT.ARVL> >
- WOOLDRIDGE, J. M. (2006). *Introducción A La Econometría: Un Enfoque Moderno. 4ta Ed. México. Editorial Cengage Learning Editores SA. De CV.*

Anexo on line at Ideas.Repec: [http:// ideas.repec.org/s/sdo/regaec.html](http://ideas.repec.org/s/sdo/regaec.html)

Rules and News of Revista Galega de Economía at: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm>